

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Marino Dónega, a Luís Seoane, a Maruxa Seoane do 07/08/1974

Colección:

Data: 07/08/1974

De:

Marino Dónega;

Para:

Maruxa Seoane; Luís Seoane;

Orixe:

A Coruña (municipal), A Coruña (comarcal), A Coruña (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con firma autógrafa]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Artes; Artes visuais; Espazos artísticos; Figuracións;

Mencionados:

Isaac Díaz Pardo; Rafael Dieste; Francisco Fernández del Riego; Domingo García-Sabell; Álvaro Gil Varela; Xohán Ledo; Sebastián Martínez-Risco y Macías; Ramón Piñeiro;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Marino Dónega, a Luís Seoane, a Maruxa Seoane do 07/08/1974

A Cruña, 7.8.1974
Maruxa e Luis Seoane
Buenos Aires

Meus amigos benqueridos:

Como xa séi que tendes no voso poder retallos da Prensa do país coa nova da constitución da Fundación do Museo Carlos Maside, aforro explicacións. Agora pende o trámite da aceptación dos Patronos ou Conselleiros. Eu encarguéime da dos amigos de máis confianza (Rafael, Domingo, Ramón, Sebastián, Paco e Ricardo), e o Isaac da do resto. O vernes que ven, 9, xa teño citados a algúns deles na Notaría de Fernando Alba. Máis adiante, e dentro deste mesmo mes, citáronos o Alvaro a unha xuntanza en Viveiro. Logo virá a xestión encamiñada á inscrición da Fundación no Rexistro especial. Iste lerio, como veredes, vai indo. E bó é.

O Isaac deu un “golpe” nas Cerámicas. Por sí e diante sí nomeou unha chamada “Comisión Administrativa de Emergencia” composta polos socios con il identificados e tres obreiros membros do Xurado da empresa. Unha sorte ou mistura de soviets e comité de coroneles. E agora a agardar as consecuencias. Que non serán boas si os destituídos reaccionan co aparato legal ben movido. Ou, ao millor, co pasmo, calan. Ide a saber.

Tivemos a ledicia de conocer a Marucha Salgado, arxentina amiga vosa –e agora tamén nosa–, filla de ourensán e luguesa. Simpatiquísima, discretamente porteña, espresiva e, ¡que carai!, ben feita. Por amosarlle, amosámoslle a vosa torre do Paseo de Ronda. E dixémoslle que dende o seu 6º pasar, nas vosas estadías nesta cidade, enviades ao mundo destellos artísticos, acenos de amizade e avisos aos navegantes. Ao ver situada enfrente á de Hercules, Marucha apañou no áer o paralelismo como si dunha mosca se tratara. Marcha de Galicia leda coma un xílgaro.

O vello patrón, erre que erre. Non é máis que unha cañota oca e retorta, máis sigue en pe no medio da chousa. Non hai chispa que o tronce, nin raio que o fenda. Houbo, de tódolos xeitos, os seus máis e os seus menos. Máis ben menos. Nembargantes, parécese intuir que a longa noite de pedra vai amolecendo.

Reparando na correspondencia atrasada atópome cunha pregunta vosa que, non séi por qué, deixei de contestar. Refírome á vida das Figuracións. Pois ben, meus amigos, penso que chegou o tempo das despedidas. A Prensa e a Televisión devoran inmisericordes ás súas criaturas. Mesmo ten unha colaboración longamente sostida na páxina dun xornal, que unha faciana facendo carantoñas meses e meses na pantalla dun televexo. Ben séi da dór de matar unha criatura, mais entendo que non é preciso chegar á eutanasia. Abondaría, ao meu ver, con facerlle perder periodicidade e reservar a súa presenza pra sinaladas ocasións. Sería, por riba, un xeito de revitalizada. Penso eu. E remato pedíndovos que non vexades na miña opinión máis que un “leal saber y entender” correspondendo a unha pregunta que me honra e distingue, e que xa na súa formulación adiviño as vosas propias dúbidas.

Coa nosa felicitación a Maruxa polo seu espléndido galego, recibide vós os dous de nós os tres

cinguidas e garimosas apertas.

Dónega

Créditos do proxecto web

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.